UNIDADE 10 – A ANÁLISE DA INFORMACIÓN CONTABLE

Resumo

ANÁLISE DA INFORMACIÓN CONTABLE → **CASH FLOW**

↓

CONTAS ANUAIS

↓

ANÁLISE DO BALANCE

↓

FONDO DE MANOBRA

SITUACIÓNS PATRIMONIAIS

RATIOS:

- **Ratio de liquidez**
- **Ratio de tesouraría**
- **Ratio de dispoñibilidade**
- **Ratio de garantía**
- **Ratios de endebedamento**
- **Autonomía financeira**
- **Ratio de inmobilizado**

APANCAMENTO FINANCEIRO

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

↓

RENDIBILIDADE ECONÓMICA

$$\frac{\text{BAII}}{\text{ACTIVO}}$$

RENDIBILIDADE FINANCEIRA

$$\frac{\text{BENEFICIO NETO}}{\text{PATRIMONIO NETO}}$$

Análise contable.

A contabilidade é un sistema que busca proporcionar información. Unha vez redactados os estados contables, hai que analizalos para obter información cuantitativa sobre a situación da empresa e prognosticar o seu futuro.

Basicamente analizamos o Balance e a Conta de perdas e ganancias.

Fondo de Manobra (FM).

Como sempre se cumpre que Activo corrente + Activo non corrente = Patrimonio Neto + Pasivo corrente + Pasivo non corrente, podemos definir o FM como:

- **A parte do Activo corrente financiada con Recursos permanentes**:



Situacións patrimoniais:



Equilibrio patrimonial.

Para que exista equilibrio débese cumprir que:

Os recursos permanentes (patrimonio neto + pasivo non corrente) deben financiar todo o inmobilizado ou activo non corrente e tamén deben financiar unha parte do activo corrente.

Ratios de rendibilidade.

Miden o resultado e proporción ao investimento realizado:

RENDIBILIDADE ECONÓMICA = BAII / Activo

É a proporción do que se gaña de beneficio (beneficio sen imposto de beneficios e sen resultados financeiros) por cada euro investido en activos.

RENDIBILIDADE FINANCEIRA = Resultado neto / Patrimonio neto

Tamén se chama rendibilidade dos recursos propios. É a proporción de beneficio neto por cada euro de patrimonio neto investido na empresa.

Ratios de análise financeira.

Hai que saber analizar os ratios. O seu valor dependerá moito do tipo de empresa, do sector de actividade,.... De todos xeitos, e xeneralizando, hai que lembrar que:

O Fondo de manobra debe ser positivo: Activo corrente > Pasivo corrente.

O Activo corrente debe ser aproximadamente do dobre do Pasivo corrente.

O Activo debe ser maior que o Pasivo (débedas).

O Pasivo (débedas) han de ser, como moito a metade de toda o financiamento da empresa. E dicir, o Pasivo (corrente e non corrente) non pode ser maior que o Patrimonio neto.